

CARBALLO

XANEIRO-ABRIL 2024



Venres Culturais



26 XAN venres | 21.00

* TEATRO

PT EXCÉNTRICAS (Galicia)

O Auto do Castromil

Abordo dun coche de liña sucede unha viaxa onírica. Os viaxeiros dormen e as maletas e demais bagaxes amotínanse, cobran vida e repasan unha curiosa historia de Galicia.

É a historia alucinada dun pobo que loita, é derrotado, e que volve a rebelarse de novo. As súas armas son o humor e espírito de entroido.

A través dunha viaxe en transporte público pola Galiza inconsciente, grazas a anacos das obras de Manuel María, a compañía dirixida por Quico Cadaval gañou o III concurso de proxectos que convoca a Fundación Manuel María.

Intérpretes: Rocío González, Víctor Mosqueira, Marcos Orsi e Patricia Vázquez. **Escenografía e vestuario:** Carlos Alonso. **Espazo sonoro:** Piti Sanz. **Atrezzo:** Kukas Produccións Artísticas **Iluminación:** Octavio Mas. **Dirección e dramaturxia:** Quico Cadaval

Duración: 70 min | **Público:** Adulto | **Entrada:** 7 € / 4 €

Rede Galega de Teatros e Auditorios



2 FEB venres | 21.00

* MÚSICA

CATUXA SALOM (Galicia)

Catuxa Salom é unha artista galega de raíces argentinas e unha das voces máis destacadas do movemento folk-electrónico do momento. En 2022 publica o seu disco revelación *Nunha aldeia*, que reflicte un universo sonoro que vai da música tradicional galega aos ritmos latinos. Un disco envolto por unha atmosfera tribal que convida ao baile e nos conecta co noso lado máis salvaxe. De Aimogasta ás montañas de Lugo, Catuxa Salom crea un lugar onde o fogar e o amor pola natureza están moi presentes.

En 2022 e 2023 foi finalista nos Premios Martín Códax da música galega na categoría de Músicas do Mundo. Catuxa Salom é un dos nomes máis atractivos da escena musical galega. O seu novo disco verá a luz en 2024.

Intérpretes: Catuxa Salom (voz, guitarra, loop station), Lucía Cortiñas (percusións) e Yudit Almeida (contrabaixo)

Duración: 60 min | **Público:** Todos os públicos
Entrada: 5 € / 3 €

Deputación da Coruña



4 FEB domingo | 18.00

* MONICREQUES
E ACTORES

PÉREZ & FERNÁNDEZ (Galicia)

Nanai da China



Nanai naceu unha noite sen lúa. Os seus veciños rexéitana dende que nace, por pura superstición. Ela só sabe dicir que non, e axudar ao seu avó a cultivar o arroz máis delicioso desta beira do río Yangtsé en compañía de Chispúm, un simpático búfalo de auga. Para loitar contra a estúpida superstición da xente, Nanai e o seu avó elaboran un plan que non sempre sae tan ben como imaxinaron.

Esta é a terceira produción de Pérez&Fernández, unha compañía dedicada ao público familiar.

Un conto orixinal relatado por actores e títeres cheo de maxia, aventuras e humor.

Intérpretes: Victoria Pérez, Manu Fernández
Texto orixinal: Xabier Romero
Adaptación e dirección: Victoria Pérez

Duración: 45 min
Público: A partir de 5 anos
Entrada: 5 € / 3 €

Rede Galega de Teatros e Auditorios



23 FEB venres | 21.00

* TEATRO

IBUPROFENO TEATRO (Galicia)

Deadpan Karaoke

Humor, amor, karaoke... atrévete?

Deadpan é unha personaxe incapaz de sentir e expresar emoción, o que lle outorga a autoridade e a claridade necesarias para descifrar o universo do amor a través desta catarse cómico-musical. Sen embargo, dentro dun karaoke as súas accións conseguen facer accesibles e divertidas para o gran público cuestións e dilemas que ocupan aos grandes pensadores contemporáneos.

Este é un espectáculo unipersoal, de carácter participativo, que a través do absurdo, a estupidez, a sorpresa, a comedia, a música e o cine, e que trata de dar resposta á pregunta... É posible o amor nesta sociedade tardocapitalista na que vivimos?

Ibuprofeno é unha compañía que integra a escrita dramática no proceso de creación para falar dos temas claves que afectan ao ser humano contemporáneo.

Intérprete: Marián Bañobre. **Iluminación e escenografía:** Violeta Martínez. **Composición musical:** Mónica de Nut. **Audiovisuais:** Marta Valverde, Gustaf Nilsson e Javier Lueje. **Dramaturxia:** Patricia Rodríguez e Marián Bañobre. **Dirección:** Patricia Rodríguez

Duración: 75 min | **Público:** Adulto | **Entrada:** 7 € / 4 €

Rede Galega de Teatros e Auditorios



1 MAR venres | 21.00

* TEATRO

CULTURACTIVA S. COP. GALEGA (Galicia) As Alumnas

Dúas antigas alumnas da pedagoga galega María Barbeito, atópanse na data da morte da mestra, no ano 1970. Atrás queda a infancia, o mundo que lles abriu a mestra antes de que o Comité de Depuración a afastase do seu traballo na escola.

As dúas personaxes femininas representan dous casos concretos de mulleres no marco histórico anterior e posterior á guerra civil, que nos levan a tocar as transformacións sociais do momento.

A educación, como peza fundamental no desenvolvemento e na liberdade das persoas, especialmente das mulleres, como eixo fundamental da obra.

Este texto de Paula Carballeira foi galardoado co Premio Nacional de Literatura Dramática 2023.

Intérpretes: Anabell Gago e Mónica Camaño. **Texto:** Paula Carballeira. **Dirección:** Fina Calleja

Duración: 70 min | **Público:** Adulto | **Entrada:** 5 € / 3 €

Rede Galega de Teatros e Auditorios



3 MAR domingo | 18.00

* MONICREQUES
E SOMBRAS

EL RETABLO (Madrid) Mermelhada



No país das fadas, onde todo é fabuloso, vive a pequena Mermelhada, unha fada bondadosa que sempre intenta facer boas accións, pero, moitas veces, sáenlle mal... Desencantada coa súa condición de fada, achégase a unha bruxa para que lle aprenda trucos e secretos de sabedoría ancestral.

Xuntas enfrontaranse a desafíos extraordinarios e descubrirán onde reside o verdadeiro poder da maxia.

Da man de Pablo Vergne, recoñecido creador especializado en espectáculos para público familiar, títeres, obxectos e sombras crean esta tenra historia de maxia e amizade que nos convida a cambiar a mirada dos contos de fadas.

Intérpretes: Alba Vergne e Daniela Saludes. **Deseño de monicreques e espazo escénico:** Eva Soriano e Ricardo Vergne. **Coreografías:** Alba Vergne. **Dirección e dramaturxia:** Pablo Vergne

Duración: 45 min | **Público:** A partir de 3 anos
Entrada: 5 € / 3 €

Rede Galega de Teatros e Auditorios



8 MAR venres | 21.00

* TEATRO

CHÉVERE (Galicia) Helen Keller, a muller marabilla?

Helen Keller converteuse nunha celebridade mundial, por ser a primeira persoa xordocega en obter un título universitario en 1904 en Harvard. Esta é a parte da súa vida que fica na memoria colectiva, como un exemplo de superación da discapacidade. Pero, ao investigar, descóbrese que ten outras facetas desconcertantes.

Por que se oculta parte da súa vida? Por que queren eliminala da historia? Porque unha muller con discapacidade non se pode converter nunha líder anticapitalista?

Esta coprodución de Chévere co Centro Dramático Nacional continúa a súa liña de traballo de cuestionamento das narrativas oficiais e o teatro documento, aínda que se afasta das historias máis ou menos locais e da mirada xeracional. É un proxecto sobre a posibilidade de rebeldía e disidencia no noso mundo e tamén é un traballo que cuestiona a incomunicación entre persoas oíntes e non oíntes, integrando na mesma obra a lingua falada e a de signos.

Intérpretes: Patricia de Lorenzo, Chusa Pérez, Ángela Ibáñez. **Espazo sonoro:** Xacobe Martínez. **Iluminación:** Fidel Vázquez. **Espazo audiovisual:** Lucía Estévez. **Son:** Xurxo Pinheiro. **Dramaturxia e dirección:** Xron

Duración: 85 min | **Público:** Adulto | **Entrada:** 7 € / 4 €

Deputación da Coruña



15 MAR venres | 21.00

* MÚSICA

ABRAHAM CUPEIRO (Galicia) Resoando no pasado


Resoando no Pasado é unha colección de instrumentos que Abraham Cupeiro mostra a través dun concerto-monólogo no que viaxa ao pasado máis remoto da nosa especie a través dos sons dos instrumentos de vento.

Un proxecto para todos os públicos, ameno e cheo de emoción, que nos achega a outras épocas e culturas a través dos instrumentos.

Abraham Cupeiro é construtor e multiinstrumentista, que recupera instrumentos perdidos no tempo para utilizalos e crear novas sonoridades, imbricandoos en músicas alleas a eles.

Duración: 90 min
Público: Todos os públicos
Entrada: 7 € / 4 €

Rede Galega de Teatros e Auditorios



21 MAR xoves | 20.00

*TEATRO

MANEKINEKO (Galicia) Cancións amarelas, flores tristes

Podemos estar sans nunha sociedade enferma? Catro persoas moi diferentes, coinciden sempre no mesmo karaoke. Madrugada tras madrugada, as cancións e o alcohol mestúranse cos medos e cos problemas que os levan a refuxiarse neste lugar, onde constrúen os seus propios paraísos artificiais. Hai música, pero tamén silencio; miradas cómplices e mal intencionadas e, sobre todo, anhelos.

Entre o drama e a comedia, este espectáculo inmersivo comparte a escena cos espectadores, converténdose nunha experiencia participativa e íntima.

Manekineko é un novo proxecto creativo que aposta pola dramaturxia contemporánea e a hibridación de linguaxes escénicas, poñendo o foco en temáticas que dialogan cos espectadores de hoxe.

Intérpretes: María Costas, María de las Llanderas, César Goldi, Fran Nogueira. **Vestuario:** Javier Lojo. **Espazo sonoro:** Nerea Brey, Ernesto Is. **Espazo e iluminación:** Beatriz de Vega. **Texto:** Ernesto Is. **Dirección:** Nerea Brey

Duración: 70 min | **Público:** Adulto | **Entrada:** Gratuita. Dende o 1 de marzo recollida de convites no Pazo da Cultura, de 18.00 a 20.00

Deputación da Coruña



22 MAR venres | 21.00

*TEATRO

A PANADARÍA (Galicia) > As que limpan

Imaxina que fas unha reserva nun hotel e pagas 300 € a noite xa que celebras algo especial. O cuarto está tal como o deixaron os anteriores clientes: coas papeleiras cheas de lixo, sabas que cheiran a suor, pelos nas duchas,... Protestas en recepción e para compensarche ofrécenche un desconto de 2,5 €, aceptarías?

Esta comedia ácida e esperanzadora reivindica a loita organizada das limpadoras de hoteis e a necesidade de reimaxinar un modelo de turismo sostible e respectuoso co territorio e coa vida das persoas.

A Panadaría amasa con moi poucos ingredientes, pero entre eles sempre están o feminismo, a música vocal, o humor crítico e unha interpretación lúdica. Este espectáculo, coproducido polo Centro Dramático Nacional, recibiu numerosos premios, entre eles catro María Casares (mellor espectáculo, dirección, texto e actriz protagonista).

Creación e interpretación: Areta Bolado, Noelia Castro e Ailén Kendelman. **Escenografía:** Beatriz de Vega. **Iluminación:** Del Ruiz. **Música original:** Ailén Kendelman. **Apoio dramaturxico:** Paula Carballeira

Duración: 90 min | **Público:** A partir de 10 anos
Entrada: 7 € / 4 €

Rede Galega de Teatros e Auditorios

Amal en Ruta

Mostra de cine euroárabe

LUGAR: PAZO DA CULTURA
ACCESO: GRATUITO ATA
COMPLETAR AFORO



NINGUÉN ESTA A SALVO

Por sétimo ano, a Cancellaría de Cultura e a Fundación Araguaney-Puente de Culturas colaboran neste proxecto para o achegamento cultural co mundo

árabe a través do cine. A xuventude e os dereitos humanos son os eixos desta edición, configurada por películas de considerable recoñecemento nos principais festivais de cine.

O ciclo acompáñase dunhas charlas nos institutos de educación secundaria a cargo duha galega filla de gazatíes.



22 FEB xoves | 20.30
Entre las higueras
Taht Alshajaran

Longametraxe ficción | Erige Sehiri | 2022 | Tunisia, Francia, Suíza, Alemaña, Qatar | 92 min

No noroeste de Tunisia, uns mozos traballan recollendo figos. A horta convértese nun teatro de emocións no que se representan os sonhos e as esperanzas de cada un deles.



24 FEB sábado | 20.30
Conspiración no Cairo
Boy from heaven

Longametraxe ficción | Tarik Saleh | 2022 | Dinamarca, Finlandia, Francia e Suecia | 126 min

Adam vai estudar na prestixiosa universidade de Al-Azhar, centro de poder do Islam sunnita. Sen ser consciente, converterase nun peón do conflito relixioso e político.



29 FEB xoves | 20.30
The sage

Longametraxe ficción | Basil Alkhatib | 2021
Siria | 91 min

Un médico ancián que vive nunha desolada cidade siria trata de aliviar o sufrimento dos seus veciños mentres cura as súas propias cicatrices.



2 MAR sábado | 20.30
El caftán azul

Longametraxe ficción | Maryam Touzani | 2022
Francia, Marrocos, Bélxica, España | 122 min

Halim, dirixe coa súa muller un pequeno negocio na medina de Salé en Marrocos. A súa relación oculta un gran segredo.



7 MAR xoves | 20.30
Little Palestine,
diary of a siege

Longametraxe documental | Abdallah Al-Khatib | 2021
Libano, Francia, Qatar | 89 min

Xunto cos seus amigos, Al-Khatib documentou a vida cotiá dos habitantes asediados no campo de refuxiados palestino de Yarmouk, en Damasco, asediado polo réxime de Bashar Al-Assad.



26 XANEIRO
PT EXCÉNTRICAS



2 FEBREIRO
CATUXA SALOM



4 FEBREIRO
PÉREZ&FERNÁNDEZ



23 FEBREIRO
IBUPROFENO TEATRO




1 MARZO
CULTURACTIVA PROD.



3 MARZO
EL RETABLO



8 MARZO
CHÉVERE



15 MARZO
ABRAHAM CUPEIRO




21 MARZO
MANEKINEKO



22 MARZO
A PANADARÍA



12 ABRIL
MARCIA VÁZQUEZ



13 ABRIL
PAULA QUINTAS



20 ABRIL
NOVA GALEGA DE DANZA



21 ABRIL
LA COJA DANSA



26 ABRIL
M. BARRERO Y PEQUEÑA...



30 ABRIL
LED SILHOUETTE



CICLO CINE AMAL



EXPOSICIÓN



CERTAME XM EIRÍS



CONCERTOS CMUS

Primavera EnDanza > XXII EDICIÓN

Unha cita imprescindible para a danza en Galicia cunha cuidada selección dos mellores espectáculos de artistas consolidados ou emerxentes, galegos ou de fóra, para coñecer a riqueza desta disciplina na que encontramos o máis contemporáneo e innovador das artes escénicas.

Atoparaste coa emoción e coa plástica da expresión e da coreografía, co rigor do discurso e a reflexión sobre a realidade e a condición humana, co cruce de técnicas, linguaxes e disciplinas que nos levan desde o movemento, ao baile, ao folclore, á tradición, á videocreación, ás novas tecnoloxías, á instalación, ao teatro físico, á improvisación ou ao circo.

Como nexo común nesta diversidade e un atractivo máis para o achegamento, atopamos a exploración sobre a identidade individual ou colectiva e a memoria.

Se queres ir algo máis aló da obra, quédate ao final do espectáculo e os creadores contaránche todas as claves. Vaste perder esta viaxe? Achégate e descubrirás grandes obras!

USAR A DANZA PARA COMPRENDER O NOSO MUNDO E PODER DEVOLVERLLE UN BERRO, QUIZÁIS A RABIA DUNHA XERACIÓN QUE LOITA POR ABRIRSE PASO NUN NOVO CONTEXTO. MARCOS MORAU.



12 ABR venres | 21.00

MARCIA VÁZQUEZ (Galicia) > **Vaivén**

Todas as almas son náufragas.

Tras a tormenta, o océano cuspe á beirmar todo aquilo afogado na profundidade, e a area está chea de restos inconexos de memoria. Será suficiente este corpo para reconstruíla antes de que volva as subir a marea?

Un paseo polas lembranzas de todo o que rodea á mar en Galicia: a dureza do traballo, a paisaxe, o Prestige, a personalidade de vivir ao carón da costa. Movemento, videocreación e son que nos mergulla nas ondas e nos conecta co océano interior das emocións.

A creadora e bailarina Marcia Vázquez iniciou o seu traballo dentro da danza urbana, decantándose logo pola danza contemporánea. Este é o seu primeiro espectáculo para sala e nel conflúe a investigación sobre as ondas e as frecuencias, sobre a identidade individual e colectiva ou os ciclos emocionais.

Dirección e interpretación: Marcia Vázquez. Deseño de iluminación: Violeta Martínez e Nacho Rivas. Deseño sonoro: Acacia Ojea. Videoproxección: Marta Valverde

Duración: 50 min | Público: Adulto | Entrada: 5 € / 3 €

Rede Galega de Teatros e Auditorios

Organiza:



CONCELLARÍA
DE CULTURA



Colaboran:



XUNTA
DE GALICIA



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS



Deputación
DA CORUÑA



13 ABR sábado | 20.30

PAULA QUINTAS (Galicia) *Multiperspectivas#2*

Multiperspectivas#2 é improvisación teatral, danza e circo, deixando espazo para a interacción co público. Unha proposta orixinal e innovadora que experimenta cos límites das artes escénicas para enfrontarse coa realidade do espazo que nos rodea.

Unha instalación que parte da perspectiva do espectador como reflexión contemporánea, buscando novos puntos de vista e, polo tanto, de reflexión.

Desde hai dez anos, Paula Quintas busca os límites do movemento en diferentes formatos a través de espectáculos de danza, circo e *performance*.

Intérpretes: Paula Quintas, Arturo Cobas e Antón Coucheiro. **Técnica de funambulismo:** Stephanie Bouchard. **Dirección e coreografía:** Arturo Cobas e Rut Balbís. **Co- Creación:** Paula Quintas, Rut Balbís, Arturo Cobas e Antón Coucheiro

Duración: 40 min
Público: Adulto
Entrada: 5 € / 3 €

Rede Galega de Teatros e Auditorios



20 ABR sábado | 20.30

NOVA GALEGA DE DANZA (Galicia) *Berro*

Berro representa o baleiro que supón ser persoas soas e illadas nunha sociedade sen memoria e amosa a importancia de recuperar esa esencia ancestral –a tradición, a terra, a familia, a casa– a través da experiencia colectiva.

O prestixioso coreógrafo israelí Sharon Fridman, asina a dirección artística deste espectáculo de gran formato co que a compañía celebra o seu 20 aniversario. A música é obra do carballés Sergio Moure de Oteyza.

NGD é unha compañía de longa traxectoria, precursora na procura de novas formas de expresión que fusionen a tradición folclórica galega coa danza contemporánea. Finalista nos premios Max en diversas ocasións, a súa traxectoria foi recoñecida tamén co Premio da Cultura Galega.

Intérpretes: Inés Vieites, Estefanía Gómez, Alba Cotelo, Laura Santamariña, Ricardo Fernández, Iván Villar, Jaime Pablo Díaz. **Vestuario e escenografía:** Ikeme Giménez. **Deseño de espazo sonoro:** Alberto Beade. **Iluminación:** Sharon Fridman e Dani Pais. **Música:** Sergio Moure de Oteyza. **Coreografía:** Sharon Fridman – Bailaríns NGD. **Dirección artística:** Sharon Fridman. **Dirección:** Jaime Pablo Díaz

Duración: 60 min | **Público:** Adulto | **Entrada:** 9 € / 5 €

Rede Galega de Teatros e Auditorios



21 ABR domingo | 18.00

LA COJA DANSA (Valencia) *El cuento de Persépolis*

Tres nenas que viven en diferentes planetas atopan o libro de Persépolis. Coa súa lectura producíranse numerosas preguntas sobre a situación das mulleres na historia. As nosas protagonistas comezarán unha viaxe pola historia, o espazo e o tempo.

A recoñecida compañía valenciana La Coja Danza rende homenaxe ás escritoras de ficción que coas súas obras literarias cuestionan o status das mulleres e as súas constantes perdas de dereitos.

Unha obra para todos os públicos na que a danza conflúe co cómic, o videomapping e o cine.

Intérpretes: Julia Zac, Inka Romani e Paula Romero
Iluminación: Diego Sánchez. **Autor:** Tatiana Clavel e Raúl León Mendoza. **Dirección:** Tatiana Clavel

Duración: 50 min
Público: A partir de 5 anos
Entrada: 7 € / 4 €

Rede Galega de Teatros e Auditorios



26 ABR venres | 21.00

MIGUEL BARRERO Y LA PEQUEÑA VICTORIA CEN (Valencia e Castela e León)

Disculpa si te presento como que no te conozco

Coñécese sen coñecerme. Dous corpos que xogan a atoparse, descubrir como se ven desde fóra, como os describe o seu reflexo. Ao xuntarse, constrúen unha estrutura corporal particular, un por riba do outro, xogando coa simetría e a ambigüidade para compoñer diálogos acrobáticos e escenas oníricas.

O outro, nós, o eu, a identidade e as relacións. Circo e máis danza xeran unha proposta íntima que conecta, dende o universal ao persoal, coas emocións de cada espectador.

Este é o resultado de tres anos de traballo dos creadores destas dúas compañías de circo e danza.

Intérpretes: Miguel Barreto e Pablo Parra. **Deseño de coreografía:** Anna Mateu. **Iluminación:** Herminio González, Raúl Díez e Cia. **Música:** Javier Ordás, Chefa Alonso. **Escenografía:** Alejandro Sáenz, Salvadora Piles. **Autoría:** Miguel Barreto e La Pequeña Victoria Cen. **Dirección:** Eva Luna García-Mauriño

Duración: 50 min | **Todos os públicos** | **Entrada:** 7 € / 4 €

Rede Galega de Teatros e Auditorios





30 ABR MARTES | 21.00

LED SILHOUETTE (Navarra) > Los perros

Dous homes abrazados. Dous homes que bailan sobre a herba húmida, baixo a cúpula estrelada. Bailar ata a extenuación, ladrar ata o abatemento, vivir ata desfalecer. O relato dun home que se contempla no outro para atoparse a si mesmo.

A obra busca un estado de resistencia ante este tempo convulso que desestabiliza os cimentos das relacións humanas. Como cans que ladran, bailar e ladrar para avanzar, bailar para cambiar. O recoñecido internacionalmente Marcos Morau dirixe esta proposta que viaxa por unha sucesión de imaxes nun cruce de tempos e linguaxes.

Esta compañía é o proxecto persoal como creadores de Martxel Rodríguez e Jon López, bailaríns da presixiosa compañía La Veronal. Influenciados pola arte contemporánea, investigan sobre novas formas de movemento, colaborando con artistas visuais, documentalistas ou musicais para xerar atmosferas transformadoras.

Intérpretes: Jon López e Martxel Rodríguez.
Iluminación: Doni Mendizábal. **Deseño sonoro:** Juan Saavedra. **Escenografía:** David Pascual. **Idea, coreografía e dirección:** Marcos Mourau

Duración: 50 min | **Público:** Adulto | **Entrada:** 9 € / 5 €

Rede Galega de Teatros e Auditorios

Exposicións >

DE 17.00
A 21.00
DE LUNS
A SÁBADO

Do 12 de xaneiro ao 10 de febreiro A memoria do son



Reprodución de instrumentos musicais medievais froito da investigación do Centro de Artesanía e Deseño da Deputación de Lugo, que se completa con melodías accesibles a través de códigos QR e unha proxección.

Ademais poderase manipular un salterio para escoitar o seu son en directo.

Mostra destinada ao pracer da vista e do oído e un medio excepcional para coñecer a sonoridade instrumental medieval.


Andar-1 do Pazo da Cultura
Organiza: O Centrad da Deputación de Lugo e o Concello de Carballo

Do 16 de febreiro ao 3 de marzo XVII Premio Arte Gráfica Jesús Núñez



Selección de obras de gravado da XVII edición deste certame convocado anualmente pola Deputación da Coruña. A participación de 140 obras chegadas de 20 países distintos do mundo é indicativa do prestixio e repercusión internacional desta iniciativa na arte gráfica.

Andar-1 do Pazo da Cultura
Organiza: Deputación da Coruña e Concello de Carballo



Do 27 febreiro
ao 17 marzo

17º Premio de Creación Fotográfica Luis Ksado

Exposición dos traballos premiados na XVII edición deste galardón organizado pola Deputación da Coruña, un referente no eido da fotografía que este ano recaeu no proxecto de Fuco Reyes sobre a adolescencia.

3º andar, sala de exposicións Alberto Gende
Organiza: Deputación da Coruña e Concello de Carballo

Do 11 de abril ao 10 de maio Isabel Soutullo > Pegadas no tempo



Isabel Soutullo, artista autodidacta nada en Coristanco preséntanos óleos, collages e fotografías nos que

poderemos apreciar a súa preocupación pola conciencia ambiental, a igualdade de xénero, o traballo da xente labrega e mariñeira así como outro dos temas recorrentes na súa obra, o paso do tempo.

Andar-1 do Pazo da Cultura. Organiza: Concello de Carballo

Abril > XXVI Certame Fotográfico Xosé Manuel Eiris

Selección das obras presentadas á XXVI edición deste Certame de carácter anual co que o Concello de Carballo quere contribuír ao fomento e a divulgación da fotografía.

3º andar, sala de exposicións Alberto Gende. Organiza: Concello de Carballo. Colaboran: Fundación Luís Calvo Sanz e Interfilm Carballo

Outras propostas

Concertos do CMUS nos centros sociais

17 xaneiro, 19.00: Grupos de Cámara Centro Social de Entrecruces
31 xaneiro, 18.00: Conservatorio de Música do Colexio Eirís / Pazo da Cultura
23 febreiro, 19.00: Conxunto de Grupos de Cámara / Centro Social de Lema

9 marzo, 20.00:
CONCERTO 40
ANIVERSARIO DA
BANDA DE MÚSICA
DE CARBALLO

Celebramos este aniversario dunha formación que se nutriu con diversos directores e da que formaron parte centos de alumnas e alumnos do noso Conservatorio e outros músicos amadores.

12 e 13 marzo: Concurso de solistas do CMUS
15 marzo, 19.00: Orquestra de corda Centro Social de Oza
20 marzo, 19.00: Concerto de Primavera do CMUS / Pazo da Cultura
11 abril, 19.00: Conxunto de vento madeira Centro Social de Sísamo
10 maio, 19.00: Banda Infantil de Música Centro Social de Ardaña
30 maio, 19.00: Conxunto de vento metal Centro Social de Imende

Entrada libre ata completar aforo. Organiza: CMUS Carballo

Contacontos cos ratiños e ratiñas de lonxe de todo

A cargo de Trinke Trinke Teatro. Cada día un conto diferente, para nenos e nenas entre 4 e 8 anos acompañados por un adulto.

Mércores: 17 e 31 xaneiro, 14 e 28 febreiro, 13 e 27 marzo, 10 abril e 15 maio | Horario: 17:00 e 18:30

Biblioteca Municipal Rego da Balsa. Inscripción previa no 981 758 580. Aforo limitado. Organiza: Concellaría de Bibliotecas



Semana do libro e da lectura: A maxia

Do 22 ao 26 de abril

Múltiples actividades durante todo o día para gozar dos libros.

Biblioteca Municipal Rego da Balsa.

Organiza: Concellaría de Bibliotecas. Patrocina Calvo

Curruncho Pop 2024

Sábado 17 febreiro > 19.30: TOM PETTY

Presentación do libro Tom Petty, de Warren Zanes (Editorial NeoPerson), a cargo de Bruno Fuente (editor) e de Juancho López (músico)

Concerto: THE WAITING

Sábado 2 marzo > 20.30: PIGMY

Presentación do disco Manifestación (Guerssen)

Sábado 30 marzo > 19.30: HOTEL CALIFORNIA

Presentación do libro Hotel California, de Barney Hoskyns (Editorial Contra), a cargo de Elvira Anesi (tradutora) e Carlos Rego (músico e escritor)

Concerto: PABLO LEIRA, PALOMA PALOMA E CARLOS REGO

Sábado 27 abril > 19.30: PUB ROCK

Presentación do libro Música y cerveza, de Javier Abad (Editorial Milenio), a cargo do seu autor

Concerto: Bo DEREK'S

Sábado 25 maio > 19.30: ALEX CHILTON

Presentación do libro Algo muy dentro de Alex Chilton, de Marce "Becerring" Moreno (Editorial Sílex), a cargo do seu autor e de Antonio J. Moreno, ilustrador

Concerto: OS CHILTONS

Biblioteca Municipal Rego da Balsa. Inscripción previa no 981 758 580. Aforo limitado. Organiza: Concellaría de Bibliotecas

XI Carballo Interplay Festival de contidos dixitais

Do 4 ao 7 de abril

Máis información en carballointerplay.com

Organiza: Concellaría de Promoción Económica e Turismo

Lugares e datas de venda

> **VENDA ANTICIPADA:** www.carballo.gal ou <https://billeteira.carballo.gal>

> **VENDA DIRECTA:** Día da función, na billeteira do Pazo da Cultura, desde 90 minutos antes do inicio da actuación.

Prezos

> **BONO VENRES CULTURAIS**

(26 xan, 2 e 23 febreiro, 1, 8, 15 e 22 marzo)

- Prezo ordinario: 30 €

- Prezo reducido: 21 €

> **BONO DANZA**

(12, 13, 20, 21, 26 e 30 abril)

- Prezo ordinario: 26 €

- Prezo reducido: 20 €

> **ENTRADAS**

Segundo o especificado en cada espectáculo:

- Prezo ordinario: 5 €, 7 € e 9 €

- Prezo reducido: 3 €, 4 € e 5 € (estudantes con carné de estudante, maiores de 60 e menores de 18 anos). Deberá acreditarse debidamente a circunstancia especial no acceso ao espectáculo.

Esta programación poderá sufrir algunha modificación (novos espectáculos, datas, entradas...) que se comunicará coa máxima antelación posible. Pégase puntualidade. A apertura de portas será 15 minutos antes do inicio do espectáculo. Unha vez comezada a función non se garante o acceso á sala e a organización poderá facer uso da localidade. As entradas non poderán ser cambiadas nin reembolsadas, a excepción da cancelación do espectáculo. Se por razóns de produción tivera que ser ocupada algunha localidade, a organización proporcionará a solución oportuna ao espectador afectado. Non se permite a entrada de comida ou bebida. Reservase o dereito de admisión. Co ánimo de preservar os dereitos dos artistas e non perturbar o bo desenvolvemento da función, non está permitido fotografar, filmar ou gravar o espectáculo sen autorización expresa da organización e do artista. Antes de entrar na sala, deben desconectar os seus dispositivos móbiles. A adquisición desta entrada supón a aceptación de posibles indicacións de carácter organizativo.

Pazo da Cultura. Rúa do Pan s/n.
15100 Carballo. GPS: Latitude
43.211702 | Lonxitude -8.695394
981 70 43 00 | cultura@carballo.gal
www.carballo.gal

